



OS RETOS SEMANAIS DAS PROFES DE INFANTIL DO COLE DE SÁRDOMA



UNHA RECEITA DIVERTIDA



POLIÑOS CON OVO COCIDO

NECESITAREDES UN OVO, AUGA PARA COCELO, E CENORIA PARA FACER O PICO E AS PATAS. ADXUNTAMOS UNHA IMAXE DO RESULTADO FINAL.

3 ANOS:

ELABORARÁN A RECEITA CONXUNTAMENTE CAS FAMILIAS, PARTICIPANDO NO PROCESO, NOMEANDO OS DISTINTOS INGREDIENTES E DESFRUTANDO DA DEGUSTACIÓN

4 ANOS:

ELABORARÁN A RECEITA CONXUNTAMENTE CAS FAMILIAS, PARTICIPANDO NO PROCESO, NOMEANDO OS DISTINTOS INGREDIENTES E TRATANDO DE ESCRIBILOS.

5 ANOS:

ELABORARÁN A RECEITA CONXUNTAMENTE CAS FAMILIAS, PARTICIPANDO NO PROCESO, NOMEANDO E ESCRIBINDO OS INGREDIENTES E OS DISTINTOS PASOS PARA A SÚA ELABORACIÓN: COLLER O OVO, POÑER AUGA A FERVER...



UN EXPERIMENTO TOLO!

ESCUMA MÁXICA

PARA REALIZAR ESTE SINXELO EXPERIMENTO NECESITAREDES:


- UN FRASCO/VASO
- VINAGRE BRANCO
- BICARBONATO DE SODIO
- COLORANTE ALIMENTARIO OU ACUARELAS LÍQUIDAS
- DETERXENTE PARA FREGAR OS PRATOS

PASOS A SEGUIR:

- POÑEMOS O VINAGRE NO VASO
- BOTAMOS UNHAS GOTIÑAS DE DETERXENTE, DE COLORANTE OU ACUARELAS PARA DALLLE COR, E MESTURAMOS
- BOTAMOS UN POUCO DE BICARBONATO DENTRO DO VASO, E A REACCIÓN ENTRE O VINAGRE E O BICARBONATO PRODUCIRÁ UNHA ESCUMA QUE CRECERÁ E CRECERÁ E DEIXARÁ AOS PEQUENOS CA BOCA ABERTA



NON TE ESQUEZAS DE GRAVALO! E MÁNDALLO A TÚA PROFE Ó SEU CORREO ELECTRÓNICO!



XOGANDO CA POESÍA

A BOLBORETA RETA

PODEDES APRENDER ESTA SINXELA POESÍA, QUE MANDAMOS COMO UN DOCUMENTO APARTE, QUE SERVIRÁ COMO FÍO CONDUCTOR PARA FALARLLE AOS NENOS DA PRIMAVERA.

3 ANOS:

OS NENOS DEBERÁN APRENDELA E ATOPAR ALGUNHAS LETRAS: PRIMEIRO LOCALIZAR TODAS AS LETRAS "A", LOGO TODAS AS "E"... E ASÍ CON TODAS AS VOGAIS. LOGO, CONTAMOS CANTAS HAI DE CADA, E FACEMOS XOGOS NUMÉRICOS. QUE VOGAL É A QUE MÁIS SE REPITE?

4 ANOS:

OS NENOS DEBERÁN APRENDELA. PODEN REALIZAR O MESMO XOGO QUE OS NENOS DE 3 ANOS. XOGAR COAS RIMAS. PENSAR PALABRAS QUE RIMEN CON ALGUNHAS PALABRAS DA POESÍA. INTENTAR CREAR UNHA POESÍA SINXELIÑA (4 VERSOS) CAS RIMAS QUE LLE SAÍRON.

5 ANOS:


OS NENOS DEBERÁN APRENDELA. PODEN REALIZAR O MESMO XOGO QUE OS NENOS DE 3 E 4 ANOS. RODEAR AS PALABRAS QUE RIMAN DA MESMA COR. PODEN CONTAR AS LETRAS DE CADA VERSO E AO FINAL, CON PAUS, TRATAR DE AVERIGUAR CANTAS LETRAS TEN A POESÍA.



MANS Á OBRA, ARTISTAS!

OLLO AO CADRADO!

ESTA SEMANA, O RETO ARTÍSTICO SERÁ COPIAR O CADRO DE PAUL KLEE QUE ADXUNTAMOS COMO DOCUMENTO APARTE, E TRABALLAR DE PASO A FIGURA DO CADRADO. OS NENOS DEBERÁN FIXARSE BEN NO ESQUEMA DE CORES EMPREGADO PARA NON TRABUCARSE Á HORA DE PINTAR. MOITA ATENCIÓN! PODERÁN UTILIZAR PARA PINTAR CALQUERA MATERIAL DISPOÑIBLE: CERA BRANDA, TÉMPERAS, PINTURAS... O QUE PREFIRADES!



UNHA SESIÓN DE IOGA

SALUDO AO SOL



ESCANÉAME

ESCANEA O CÓDIGO QR CO TEU TELÉFONO MÓBIL. MOITOS TEELFONOS PODEN FACELO APUNTANDO Ó CODIGO DIRECTAMENTE CA CÁMARA. OUTROS PRECISAREDES DESCARGAR ALGUNHA APP DE LECTOR DE QR, COMA, POR EXEMPLO: *INIGMA*.

SE NON SODES CAPACES DE ESCANEAR O QR, BUSCADE EN YOUTUBE:

SALUDO AL SOL - BAMBOO KIDS

A IDEA É QUE OS NENOS REALICEN ALGUNHAS POSTURAS BÁSICAS DE IOGA SEGUINDO A CANCIÓN, QUE É MOI SINXELA. MEDIANTE AS POSTURAS DE IOGA, OS NENOS APRENDE A RELAXARSE Á VEZ QUE FAVORECE O SEU CONTROL POSTURAL, POLO QUE É UNHA PRÁCTICA MOI INTERESANTE PARA ELES.